



Expediente nº 2019/E001/000006

DECRETO DO ALCALDE EN FUNCIONS

ANTECEDENTES DE FEITO

1º) Mediante o Decreto 1156/2019, do 23 de xullo, ditado pola concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, efectuouse a convocatoria e aprobaronse as bases para a selección de persoal para as brigadas do servizo de extinción de incendios e operarios-condutores de motobomba.

O anuncio da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 140, do 26/07/2019.

A convocatoria incluía a selección de persoal para dúas brigadas, integrada cada unha delas por un (1) xefe, un (1) peón condutor e tres (3) peóns; e para a motobomba tres (3) operarios/condutores.

2º) Como consecuencia dos procesos selectivos os órganos de selección acordaron:

1. Persoal da motobomba (operarios-condutores):

Declarar aprobados e propoñer a contratación de:

- Cristian Arnos Pérez
- Daniel Arnos Pérez

2. Xefes de brigada:

Declarar aprobados e propoñer a contratación de:

- Yoel Pico Caaveiro
- Marcos Díaz López

3. Peóns-condutores (da brigada):

a) Declarar aprobados e propoñer a contratación de:

- José Otero Freire
- Marcos Díaz López

b) Establecer a seguinte lista de reservas:

- Yoel Pico Caaveiro
- Cristian Arnos Pérez
- Daniel Arnos Pérez
- Juan Carlos Baonza Suárez
- Verónica Blanco Cupeiro
- Miguel A. Rodríguez Freire
- Fernando Romero Rouco
- Amadeo Álvarez Pardo



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

4. Peóns:

a) Declarar aprobados e propoñer a contratación dos seguintes aspirantes:

- José Otero Freire
- Manuel Bouza Arias
- Ángel Barro Porto
- Marcos Díaz López
- Yoel Pico Caaveiro
- Cristian Arnoso Pérez

b) Establecer a seguinte lista de reservas:

- Daniel Arnoso Pérez
- Manuel Tojeiro Sánchez
- María Belén Bouza Antón
- José Antonio Fojo Silvent
- Verónica Blanco Cupeiro
- José L. Vega Carballido
- M. Ángel Rodríguez Freire
- Fernando Romero Rouco
- Carlos Barro Fontao

3º) Recoñecemento médico e proba física de esforzo:

Todos os aspirantes (os propostos para ser candidatos e tamén os reservas) foron convocados a realizar o recoñecemento médico e a proba de esforzo, resultando:

a) Non compareceron e decaeron nos seus dereitos:

- Yoel Pico Caaveiro
- Amadeo Álvarez Pardo

b) Non superou a proba de esforzo e, polo tanto o proceso selectivo:

- María Belén Bouza Antón

c) Superaron o recoñecemento médico e a proba de esforzo todas as demais persoas relacionadas.

4º) Desempates e renuncias:

a) En presenza dos aspirantes afectados convocados para o efecto, en data 21/08/2019 resolveuse o empate a 1,20 puntos existente entre dous aspirantes de praza de peón-condutor e tres de peón, co seguinte resultado:

- Peón-condutor:
 - Miguel Ángel Rodríguez Freire
 - Fernando Romero Rouco



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

- Peón:

- . Fernando Romero Rouco
- . Miguel Ángel Rodríguez Freire
- . José Luis Vega Carballido

b) O aspirante José Antonio Fojo Silvent renuncia ao chamamento polo que pasa ao final da lista de peóns.

c) O aspirante Fernando Romero Rouco, presentou un escrito no que renuncia a ser contratado como peón. Dado que no sorteo para resolver o triple empate quedou en primeiro lugar, procede situalo ao final da lista de reservas.

5º) Resolución de reclamacións:

O tribunal resolveu denegar a reclamación efectuada por Verónica Blanco Cupeiro, manténdolle a puntuación inicial tanto para peón-condutor como para peón.

6º) Procede xa que logo ditar a oportuna resolución e na que consten as persoas aprobadas, as que se contratan e as reservas.

Tendo en conta que unicamente se dispón dun Xefe de Brigada e dous operarios condutores de motobomba queda pendente de seleccionar, en ulterior convocatoria, outro xefe de brigada e un condutor de motobomba.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 21.1.g), atribúelle a competencia para ditar a presente resolución á Alcaldía. Porén tal competencia foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego (Decreto 993/2019, do 24 de xuño, publicado no BOP nº 121, do 28 de xuño).

Con motivo do período vacacional foi ditado o Decreto nº 1178/2019, do 30 de xullo (BOP nº 146, do 5 de agosto), polo que o alcalde establece o réxime de substitucións nas funcións da Alcaldía, e de acordo con ese calendario, entre os días 19 e 25 de agosto (ambos os dous incluídos) correspóndelle tal desempeño ao terceiro tenente de alcalde, Vicente Roca Uceira.

De acordo co disposto no apartado 6º do Decreto 993/2019, do 24 de xuño (BOP do 28 de xuño) a alcaldesa e os alcaldes en funcións asumirán, por avocación, as competencias delegadas dos concelleiros e concelleiras que se atopan de vacacións.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Declarar definitivamente aprobado e contratar en réxime laboral por un período de tres meses, mediante a modalidade de contrato por acumulación de tarefas, ao seguinte persoal:

a) Xefe de brigada:

- Marcos Díaz López, con DNI **677***

FIRMADO POR Vicente Roca Uceira (FECHA: 21/08/2019 13:36:00) , Felipe Vázquez García (FECHA: 21/08/2019 13:40:00)

Decreto N°: 1264/2019 - Fecha de decreto: 21/08/2019

Versión imprimible

CVD: rkkj/P1bTzG/iiUxN78U

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

b) Peón-condutor:

- José Otero Freire, con DNI **340***
- Juan Carlos Baonza Suárez, con DNI **852***

c) Peóns:

- Manuel Bouza Arias, con DNI **416***
- Ángel E. Barro Porto, con DNI **418***
- Manuel Tojeiro Sánchez, con DNI **717***
- Verónica Blanco Cupeiro, con DNI **707***
- M. Ángel Rodríguez Freire, con DNI **411***
- José L. Vega Carballido, con DNI **695***

d) Operario-condutor motobomba:

- Cristian Arnos Pérez, con DNI **339***
- Daniel Arnos Pena, con DNI **339***

2. Establecer as seguintes listas de espera:

a) Operario-condutor de motobomba:

Non existen aspirantes seleccionados

b) Xefes de brigada:

Non existen aspirantes seleccionados

c) Peón-condutor:

- 1.- Marcos Díaz López
- 2.- Cristian Arnos Pérez
- 3.- Daniel Arnos Pérez
- 4.- Verónica Blanco Cupeiro
- 5.- Miguel A. Rodríguez Freire
- 6.- Fernando Romero Rouco

d) Peón:

- 1.- José Otero Freire
- 2.- Marcos Díaz López
- 3.- Cristian Arnos Pérez
- 4.- Daniel Arnos Pérez
- 5.- José Antonio Fojo Silvent
- 6.- Fernando Romero Rouco

3. Dar de alta na Seguridade Social e na nómina ao persoal indicado no apartado 1, co que se subscribirá o oportuno contrato laboral temporal.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

4. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando os demandantes a elección que lles permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo os interesados poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez

FIRMANDO POR Vicente Roca Uceira (FECHA: 21/08/2019 13:36:00) , Felipe Vázquez García (FECHA: 21/08/2019 13:40:00)

Decreto N°: 1264/2019 - Fecha de decreto: 21/08/2019
Versión imprimible

CVD: rkkj/PlbTzG/iDrN78U
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.